

PREGUNTA ORAL EN PLENO

Ao Pleno do Concello de Lourenzá

Emma Álvarez Chao, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente e en nome do grupo municipal que representa formula a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

No obradoiro de emprego Serra Cadeira II que foi solicitado polo anterior equipo de goberno figuraba como actuacións a realizar o Acondicionamento do Aparcadoiro no cemiterio de Santo Adrao habendo permiso por parte do AGADER para levar a cabo a obra.

Na xustificación da Subvención que o Concello enviou á Xunta de Galicia figura cun 0% de execución e consta literalmente que "O Concello non quixo facer esta obra"

Posteriormente na XGL do 23 de maio do 2016 recóllese a cesión por parte da Xunta de Galicia da Cesión desta finca e na XGL do 28 de Xullo solicítase a Consellería de presidencia unha subvención por importe de 42.000 € para a execución de aparcamento de superficie público e pavimentación de vía de acceso na parcela colindante ao Cemiterio de Santo Adrao.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular formula á señora Alcaldesa a seguinte pregunta:

- 1.- Cal é a razón de que se renunciara a facer esta obra có Obradoiro de Emprego Serra da Cadeira II?
- 2.- Foi esta subvención denegada? De ser así, cal foi o motivo?
- 2.- Cal é a data na que se solicitou a subvención e cal era o último día hábil para facelo?

Lourenzá, 14 de Marzo do 2017

Asdo.: Emma Álvarez Chao
Portavoz Grupo Municipal do Partido Popular
Á SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE LOURENZÁ